

Máis de 200 persoas asisten ao Castañazo reivindicativo a prol de protexer o litoral de Rande



A xornada contou cun xeocaching que serviu para que os asistentes, de forma lúdica, desfrutaran percorrendo os lugares máis emblemáticos da zona.

Durante o posterior magosto deuse lectura a un manifesto esixindo o arquivo do proxecto de almacén de vellos colectores na explanada de Duchess.

AER propón que na zona se cree un gran espazo de lecer, partindo do existente museo Meirande e incorporando novas infraestruturas deportivas e culturais.

O pasado sábado dezasete de novembro, máis de 200 persoas asistiron ao “Castañazo” organizado pola Agrupación de Electores de Redondela (AER) na contorna do litoral de Rande. Esta iniciativa serviu para esixir que a Autoridade Portuaria de Vigo archive o proxecto que está desenvolvendo para habilitar na explanada de Duchess unha base loxística e de reparación de colectores baleiros. Este proxecto é nefasto para os intereses da veciñanza en particular e en xeral para o concello de Redondela. Trataríase dunha infraestrutura que non aportaría ningún valor económico á zona e, por contra, multitude de prexuízos medioambientais e de seguridade polo tráfico de camións que xeraría esa terminal.

Lixo metálico.

O Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, coa pasividade do Alcalde de Redondela, quere converter o litoral de Rande nun vertedoiro de lixo industrial. O proxecto que prepara está pensado para almacenar, e mesmo reparar, colectores baleiros; auténticos lixos metálicos que se acumularían na zona co impacto medioambiental correspondente.

Este proxecto inclúe, asemade, a demolición do cargadoiro de Coto Wagner, o que suporía directamente atentar contra un valiosísimo lugar recoñecido pola Xunta como patrimonio industrial e cultural.

Espazo de lecer.

AER non só rexeita o proxecto da Autoridade Portuaria, senón que propón un uso diametralmente oposto. Durante a celebración do Xeocaching (xogo de busca de tesouros mediante tecnoloxía GPS), os asistentes puideron percorrer dun xeito lúdico os lugares máis emblemáticos da zona como o Castelo de Rande, o cargadoiro de mineral, o cargadoiro de Coto Wagner ou o Centro de Interpretación de Meirande.

AER considera que todos eses recursos etnográficos, arqueolóxicos, patrimoniais e culturais que ten a zona, e mesmo a indiscutible riqueza natural que posúe o enclave, deben ser postos en valor. A Agrupación considera que o litoral de Rande ten un potencial polo que propón o desenvolvemento dunha área de lecer partindo do existente museo de Meirande e engadindo novas infraestruturas culturais e deportivas.

Redondela, 20 de novembro de 2018